



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PASO, TRÁNSITO E ESTANCIA DE GANDO EN ZONA URBANA, DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DO VAL

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto da presente Ordenanza é, por evidentes razóns de seguridade, salubridade e ornato público, a regulación do paso, estancia, circulación e tránsito do gando polas vías públicas do termo municipal de Castrelo do Val.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Serán responsables do cumprimento desta Ordenanza municipal os gandeiros, propietarios, titulares ou posuidores de gando, de calquera clase, tipo, raza, natureza ou especie que este sexa, cuxo gando transite ou permaneza nas vías públicas do municipio de Castrelo do JVal.

Artigo 3. Fundamentos legais.

A lexislación aplicable ven constituída polos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 4. Obrigas.

Son obrigas do gandeiro, titular, propietario ou posuidor do gando, en todo caso:

- a) Garantir que o gando, no seu paso polo núcleo urbano, non produza ningún tipo de dano nos bens, tanto particulares como públicos, que atopen no seu camiño. A este respecto, o gandeiro será responsable de todos os danos que o gando poida producir o seu paso, tanto en predios particulares como en propiedades públicas.
- b) Tralo paso do gando, deixar as vías públicas en perfecto estado de limpeza, na forma na que se atopaban as ditas vías con anterioridade ao tránsito dos animais
- c) Queda terminantemente prohibido, en todo caso e para todas as épocas do ano, a permanencia de gando solto no núcleo urbano. En todo caso, se como consecuencia da permanencia de gando solto no núcleo urbano, se producen danos en predios particulares ou públicos, o gandeiro farase responsable de todos os danos que se producen.

Artigo 5. Condicións do paso de gando por zona urbana.

5.1. Sinaláanse como zona de paso de gando no núcleo urbano e nos seus arredores, todas as rúas, beirarrúas, camiños, pistas e demais vías que teñan carácter urbano e que se atopen dentro do municipio, na zona que se establece como urbana no padrón catastral, establecido pola Dirección Xeral do Catastro no termo municipal de Castrelo do Val.

5.2. O paso de gando por calquera outro tipo de vías públicas do termo municipal, que se atopen incluídas dentro da delimitación dos diferentes núcleos urbanos deste, realizarase nas condicións que se establecen no presente artigo.



5.3.O paso do gando por calquera zona do núcleo urbano por necesidade de traslado, quenon se poida realizar por outras zonas do municipio, levaráse a cabo, tras a pertinente solicitude de permiso por escrito ao Concello. No dito escrito ou solicitude faráanse constar os datos persoais do titular do gando, os datos das persoas que realizarán o coidado durante o dito traslado ou movemento, o lugar de onde procede o gando e o de destino, plano do municipio poronde se require o paso, percorrido que vai realizar e horario. Estas circunstancias serán estudadas e valoradas polo Concello, que poderá modificar e alterar o dito percorrido e horario, por calquera causa, motivo ou circunstancia. O tránsito ou movemento do gando por zona urbana levaráse a cabo nas seguintes condicións:

a)Para traslado de gando vacún e equino:

- 1.Dúas persoas, como mínimo, deberán coidar do gando en traslados de entre 1 e 30 cabezas de gando.
- 2.Tres persoas deberán coidar do gando, para o traslado de 31 a 50 cabezas de gando.
- 3.Tres persoas para o traslado de máis de 51 cabezas de gando, debendo separarse nese caso, en grupos dun máximo de 50 cabezas de gando por grupo.

b)Para traslado de gando ovino e caprino:

- 1.Dúas persoas, como mínimo, deberán coidar do gando en traslados de entre 1 e 50 cabezas de gando.
- 2.Tres persoas deberán coidar do gando para o traslado de 51 ata 100 cabezas de gando.
- 3.A partir de 101 cabezas de gando, 3 persoas deberán estar ao coidado deste, debendo separarse neste caso, en grupos dun máximo de 100 cabezas por grupo.

c)O paso a cabalo ou con calquera outro equino susceptible de ser montado, pola zona urbana, montado ou a pe, para actividades lúdicas ou de traballo, levaráse a cabo nas debidas condicións de limpeza e hixiene, sen que sexa precisa a solicitude de autorización municipal, neste caso o titular ou posuidor do animal queda obrigado a deixar a vía pública nas debidas condicións de limpeza. Quedan excluídas do anteriormente sinalado, as rutas ecuestres programadas que precisarán, en todo caso, a debida autorización municipal, para a que se achegará a documentación pertinente que sexa requirida polo Concello, e que será, entre outra, a seguinte: solicitude do titular ou organizador da actividade programada, especificando, entre outros, os datos relativos ao número de animais e xinetes que a componen e persoal de acompañamento ou apoio, itinerario, plano de localización por onde transcorrerá a ruta, horario e outros datos que se consideren de interese para determinar e comprobar a actividade que se pretende levar a cabo, acompañando a dita solicitude copia do seguro de responsabilidade por danos a bens e persoas. No caso de que se solicitase a estancia ou parada dos equipos no núcleo urbano, o titular ou responsable da organización deberá estar en posesión da oportuna autorización municipal, e o Concello deberá determinar a zona concreta onde se situará o asentamento e as condicións en que éste se levará a cabo.



d)O traslado do resto de gando non incluído nos apartados anteriores realizarase por calquera outro medio adecuado que non cause molestias, anos ou prexuízos a persoas e bens, debendo trasladarse en vehículos adecuados e adaptados ao tipo de animal de que se trate, quedando prohibido o seu paso polo núcleo urbano a pe e con coidadores.

Artigo 6. Danos e deterioracións.

O propietario, titular ou posuidor do gando será responsable dos danos e deterioracións que os animais puidesen causar, durante o seu paso, tránsito ou estancia en zona urbana, no mobiliario urbano, vehículos, fachadas ou calquera outro elemento similar ou análogo.

Artigo 7. Infraccións.

7.1.As infraccións das normas contidas na presente Ordenanza terán a natureza de moi graves, graves e leves.

7.2.Constitúe infracción moi grave a comisión de feitos que supoñan:

a)Unha perturbación relevante da convivencia con afección directa e inmediata da tranquilidade ou que alter, impida ou dificulte o exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas, ou o normal desenvolvemento de actividades de toda clase, ou que afecte á salubridade ou ornato públicos.

b)O impedimento do uso ou do acceso, polos seus lexítimos usuarios, a calquera servizo público.

c)O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

d)Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.

e)O impedimento do uso dun espazo público polos seus usuarios lexítimos.

f)Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexa moble ou inmobile, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

g)A comisión no prazo dun ano de dúas faltas graves.

h)A comisión ou omisión daqueles outros feitos que non teñan a consideración de graves ou leves.

7.3.Constitúe infracción grave a comisión dos seguintes feitos:

a)Non solicitarlle ao Concello a correspondente autorización para transitar co gando, ou transitar co gando logo de serlle denegada a autorización ou incumprindo o disposto na autorización concedida.

b)Non garantir que o gando, o seu paso por zona urbana, non produza ningún tipo de dano nos bens ou dereitos, tanto particulares como públicos, que atopen no seu camiño.



A este respecto, o gandeiro será responsable de todos os danos que o gando poida producir no seu paso, tanto nos predios particulares como en propiedades públicas.

c) Non deixar as vías públicas en perfecto estado de limpeza tralo paso do gando, na forma que se atopaban as ditas vías con anterioridade ao tránsito dos animais.

d) A permanencia ou estancia do gando no núcleo urbano, en rúas, parques, xardíns, zonas verdes ou calquera outra zona urbana ou espazo público sempre que non sexa para o seu traslado, para pastar ou estabular noutros lugares, ou para ser trasladado a outras zonas ou espazos físicos, por calquera motivo ou circunstancia.

e) A comisión ou omisión daqueles outros feitos que non teñan a consideración de moi graves ou leves.

7.4. Constitúen infraccións leves a comisión dos seguintes feitos:

a) Aqueles feitos que non afecten de forma grave á tranquilidade ou ao pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades, á salubridade ou ornato públicos, ou ao uso dun servizo ou dun espazo público.

b) Aqueles feitos que non causen danos ou prexuízos graves aos equipamentos, infraestruturas, instalacións, ou elementos dun servizo ou un espazo público.

c) A comisión ou omisión daqueles outros feitos que non teñan a consideración de moi graves ou graves.

Artigo 8. Sancións.

Pola comisión das infraccións establecidas no artigo anterior poderán interperse as seguintes sancións económicas:

a) Pola comisión de infraccións moi graves: multa de 1501,00€ ata 3.000,00€.

b) Pola comisión de infraccións graves: multa de 751,00€ ata 1500,00€.

c) Pola comisión de infraccións leves: multa de ata 750,00€.

Artigo 9. Criterios de gradación das sancións.

Na determinación das sancións económicas teráanse en conta os seguintes criterios de gradación, co fin de salvaguardar o principio de proporcionalidade entre a infracción cometida e a sanción imposta:

a) A existencia ou non de intencionalidade.

b) A natureza e entidade dos danos e prexuízos causados.

c) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 10. Procedemento sancionador.

O exercicio da potestade sancionadora pola comisión de infraccións axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común



das administracións públicas, no Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e no resto do ordenamento xurídico que resulte de aplicación.

Disposición derogatoria.

Á entrada en vigor desta Ordenanza, quedan derogadas cantas normas municipais de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co regulado nesta.

Disposición final. Entrada en vigor.

Esta Ordenanza municipal entrará en vigor e comenzará a rexer a partir dos quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e estará en vigor ata que non se aprobé a súa modificación ou derogación polo órgano municipal competente.